



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, Nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: sede.betanzos.es

INFORMACION PUBLICA

Expte de concesión da medalla de prata da cidade á Farmacia Couceiro de Betanzos.

O Concello de Betanzos está tramitando expediente para a concesión da medalla de prata da cidade á Farmacia Couceiro de Betanzos.

Durante un prazo de 20 días, de acordo co establecido nos artigos 22 e 23 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Betanzos (BOP de data 19/01/2019), estará sometido o expediente a información pública e poderán consultarse e presentarse alegacións ou suxerencias ao respecto que serán tidas en conta pola instrutora do expediente.

Xuntase a proposta da instrutora do expediente

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A instrutora

Dona Ana Belen Veiga Pita,

Concelleira de Nomenclátor, Honras e distincións



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, Nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: sede.betanzos.es

Proposta do órgano instrutor de Concesión da medalla de prata da cidade a Farmacia Couceiro

Dona Ana Belen Veiga Pita, concelleira de Nomenclátor, Honras e distincións; Escola de Folclore, Conservatorio e actividades musicais e Normalización Lingüística, nomeada instrutora do presente expediente por Providencia de alcaldía de data 27/03/2019, realiza os seguintes actos de instrución:

ANTECEDENTES

A primeira noticia sobre o establecemento da Farmacia do Doutor Couceiro é de 1719. No Arquivo municipal consérvase o expediente dun preito entre dúas boticas unha das cales pertencía a don Alonso Bermúdez de Castro "pai" de nove xeracións de farmacéuticos, que con carácter familiar e vocación de servizo público, nos seus tres séculos de historia, permaneceron dando servizo na súa localización, inalterable desde o século XVIII, NÚMERO 8 DA RÚA DOS PRATEIROS.

A FARMACIA DE COUCEIRO, a máis antiga de Galicia, máis que un negocio, é un monumento onde tradición e modernidade combínanse. O local segue conservando a esencia das boticas de outrora, a madeira, os tarros, o cristal, pesas e instrumental antigos...Un auténtico museo en si mesmo.

Pero non exento da modernidade dos novos tempos, pois a farmacia é tamén un laboratorio. Nela elabóranse artesanalmente desde tratamentos dermatolóxicos ata xaropes.

Don Jesús Couceiro Núñez rexistrou unha marca e desenvolvemento unha pequena industria en 1924, elaborando tratamentos a gran escala, un negocio que é tamén reclamo para turistas que visitan a cidade, pois desde o ano 2014 está recoñecido como o establecemento comercial máis antigo de Galicia.

En resumo, un negocio familiar de máis de tres séculos, que é un referente na nosa Cidade.

Considerando o establecido no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Betanzos (BOP de data 19/01/2019)

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

DISPOÑO:

PRIMEIRO. Considerase pola instrutora do expediente que á vista dos antecedentes recopilados a Farmacia Couceiro de Betanzos ten méritos suficientes para ser proposta para a concesión de medalla de prata da cidade.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, Nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: sede.betanzos.es

O pasado día 27 de febreiro de 2019 celebrouse unha sesión ordinaria da Comisión de Nomenclátor, Distincións e Honras na que, entre outras cuestións, informouse favorablemente a concesión de honras e distincións á devandita farmacia.

SEGUNDO.- Deberá someterse o expediente a información pública durante un prazo de 20 días de acordo co establecido nos artigos 22 e 23 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Betanzos (BOP de data 19/01/2019):

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A instrutora

Dona Ana Belen Veiga Pita,

Concelleira de Nomenclátor, Honras e distincións